

# Paseo Literario ...

## PARADA 8: INSTITUTO SAN TOMÉ DE FREIXEIRO

O instituto San Tomé de Freixeiro, na rúa Gran Vía, comezou a funcionar durante o curso 1962/63. Inicialmente era o Instituto Nacional Feminino “Nuestra Señora de la Guía”. En 1981 transformouse en Instituto Mixto e recibiu o nome da parroquia onde está situado.

Carlos Casares foi profesor de Literatura neste instituto entre os anos 1983 e 1996.



O alumnado do IES Carlos Casares, durante o curso 2016/17, conseguiu reunir un grupo de antigos alumnos do escritor e organizar un faladoiro sobre o labor docente de Carlos Casares e o momento histórico que lles tocou vivir. Neste enlace podeades escoitar uns minutos do faladoiro: [Lembranzas das aulas de Carlos Casares](#).

Nalgúns artigos de “Á marxe”, Carlos Casares refírese á profesión de docente lembrando as súas aulas ou as aulas dos seus antigos profesores.

### AS PALABRAS

Cando eu rematei os meus estudos, alá polos anos sesenta, obtiven unha praza como profesor nun instituto. Descubríñ entón que os alumnos tiñan moitas dificultades coa lingua, tanto que nunha ocasión un rapaz preguntoume que significaba a palabra “trofeo”. Outra vez tiven que explicar nunha clase de COU o significado de “taciturno”, que unha rapaza pensaba que tiña algo que ver cos homes que andaban en cuadrilla bebendo polos bares de noite. Logo xa me afixen a que as cousas eran así.

Á marxe, 16 de xuño de 1997

*Carlos Casares*